

## I

O Patrón vello era bon home,  
alternaba contigo  
compañeiros.  
e cos teus ~~obreiros~~ Por Nadal  
obreiros e burgués, xunguidos  
nun xantar de irmandá,  
reloucabades acarón do viño.

Era des xente nova. Vós, con folgos;  
Il, sen millós pero un camiño:  
As relaciós humanas a facer  
dos homes humildosos cadeliños.....

E morreron os anos  
e destes, deches, sudes a cotío  
e medraron teus netos  
i os fillos dos seus fillos.

Os teus siguen obreiros  
co mesmo sino.

Os do Patrón son millonarios ~~enemigos~~  
a destragar pesos a fio .....

## II

O neto do Patrón vello  
a teu carón  
altivo pasa e teso.

súa noxente ollade  
mágoate máis  
ca unha labazada.

Findaron os xantares  
da irmandá falsa  
e os risos ledos de antes.  
Medróu a Sociedá  
- un home é un número,  
un sumando namais -

Agromaron os xefes  
coma zarrotes  
para rogramar leises.

I o Capital bulrento  
tiróu das suás  
rentabres dividendos.

### III

A tua dona xa lavóu  
moitisma roupa de traballo.  
Sódes dous vellos.

As tuas maus deformes apuraron  
os folgos todos  
e o tacto.

Por qué che estrana que o Patrón  
queira porte no paro ?

Perdiche a lixeireza,  
rebordache e alasas, meu coitado.

Agora xa non rendes; que estás feito  
un refugallo !